

**OBRADOIROS DE ARTESÁNS, GREMIOS DE CANTEIROS E REDEIRAS**  
SÁBADO 2 E DOMINGO 3. 10:00 h - 14:00 h / 16:00 h - 20:00 h

“Obradoiros de artesáns” ferreiros, cesteiros, oleiros, elaboración de zocos, carpinteiros, fiandeiras, elaboración de instrumentos musicais. Praza do Concello.

“Os Gremios de canteiros” traballando a pedra mostran os seus oficios de outrora. Alameda Rúa Carabela La Pinta.

Gremio de **Redeiras do Baixo Miño "Atalia"** de A Guarda. Praza das Teresinas.

**ANIMACIÓN NAS PRAZAS, RÚAS, PASEOS E XARDÍNS.** Parque da Palma  
VENRES 1. 16:00 h - 20:00 h  
SÁBADO 2 E DOMINGO 3. 11:00 h - 14:00 h / 16:00 h - 20:00 h

“Alameda dos Aprendices” con obradoiros infantís para os máis pequenos: cuña de moedas, olería, tapices de época, escritura gótica, coiro, lacrado, bordados, gravados en madeira e ourivaría.

“Ludopuzzle”: Mesas de quebracabezas de madeira. Máis de 30 xogos tradicionais de madeira para traballar o enxeño.

“Campamento de Entrenamento de Cabaleiros” en baquetas, derruba infantés, tambescos, carrusel medieval, carabela balancín, xogos populares, cucañas medievais, etc.

“Photocall Medieval” con personaxes históricos: Os Reis Católicos, o indíxena, o monxe e a bruxa posan no recuncho do retratista.

**Parque de Aventuras Medieval:** Arbofun con xogos ecolóxicos (ponte mono, rappel, paso do oso e equilibrios diversos), Tren Eco Roller, torre de escalada, Baqueta Medieval.

**Atraccións medievais:** A noria, a barca pirata, o troncomóvil, o carrusel, as cadeiras voadoras e as camas elásticas.

**EXHIBICIÓNS.** Parque da Palma  
SÁBADO 2 E DOMINGO 3. 11:00 h - 14:00 h / 16:00 h - 20:00 h

Contenda de **Esgrima Histórica e mostra de Armas e Armaduras** durante todo o día a cargo da **Sala Viguesa de Esgrima Antiga**. Ver horarios na súa parada para recibir un taller con espadas medievais e renacentistas. (Persoas adultas, nenos e nenas).

**Demostración de puntería Club Meigarco. Tiro con Arco:** Ver horarios na súa parada.

**Mostra de aves de cetrería,** a cargo de **Águilas de Valporquero**.

**EXPOSICIÓNS, MOSTRAS E PARADAS**  
VENRES 1. 16:00 h - 20:00 h  
SÁBADO 2 E DOMINGO 3. 11:00 h - 14:00 h / 16:00 h - 20:00 h

**Mostra etnográfica “O Gremio de atadores e cordoeiros”.** Colección Anxo Rodríguez Lemos. Casa do Concello.

**Mostra etnográfica “Seguindo o Fío” e os “Oficios Antigos”,** Colección Avelino Sierra. Hospital Sancti Spiritus (Biblioteca).

**Maqueta da “Vila Vella e Monte Boi”** de Jose Da Costa. Recreación da antiga vila de Baiona. Xardíns do Hospital Sancti Spiritus (Biblioteca).

“**As labores de Calceta**”: mostra realizada polo grupo de mulleres de calceta de Baiona. Capitanía Marítima.

**Casa da Navegación de Baiona\***. Colección Visitable. Visitas comentadas ás 12:00 h e ás 18:00 h (inscrición previa). Visitas de Realidade Virtual (con custo).

Museo Réplica Carabela “A Pinta”\*. Paseo Alfonso IX.

\*entrada gratuíta para tódalas persoas que acudan ataviadas de época.


**PASEO RIBEIRA**  
VENRES 1. 16:00 h - 20:00 h  
SÁBADO 2 E DOMINGO 3. 11:00 h - 14:00 h / 16:00 h - 20:00 h

**Paradas dos Pobos Irmáns** cos produtos típicos de Palos, Santa Fe, Pornic, Vila do Bispo, Rafael Freire-Holguín-Cuba.  
**Fresóns de Palos de la Frontera.**  
**Piononos de Santa Fe de la Vega de Granada.**  
**Información turística de Pornic (Francia).**  
**Sal e artesanía de Vila do Bispo (Portugal).**  
**Café e azucre de cana de Rafael Freire-(Cuba).**

**ZONA RIBEIRA - GASTRO (PASEO RIBEIRA)**  
VENRES 1. 16:00 h - 00:00 h / SÁBADO 2. 10:00 h - 00:00 h / DOMINGO 3. 10:00 h - 22:00 h

Os “**Ñoclos de Pinzón**”, **Rosquillas Cristaleiro.**  
As “**Tartas de Sarmiento**” e o “**Pan de los Clérigos**”, **Tu Pana Obrador.**  
Os **Panizos Indios de Yajoma.**  
**Café e Chocolate das Indias Orientales de Siboney.**  
“**A Taberna de Pinzón**” coas **viandas gourmet da Arribada.**

**ZONA DO BO XANTAR (PRAZA DE SANTA LIBERATA)**  
VENRES 1 E SÁBADO 2. 10:00 h - 00:00 h  
DOMINGO 3. 10:00 h - 22:00 h



**Punto Lila.** Venres de 20:30 h - 03:30 h / Sábado de 20:30 h - 03:30 h

**Ambulancias e emerxencias**

**PROGRAMA GALEGO**



FESTA DA ARRIBADA DA CARABELA PINTA  
ed. 28  
marzo 1 - 2 - 3

Real Vila de Baiona



FESTA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL



## ■ MÉRCORES 28/02/24

**20:00 h Conferencia: “Martín Alonso Pinzón. O Marino que adiantou a Colón”,** a cargo da Doutora en Filoloxía Hispánica pola Universidade Complutense de Madrid D<sup>o</sup>. María Jesús Sío. Casa da Navegación de Baiona.

## ■ XOVES 29/02/24

**20:00 h Conferencia: “A vila e o porto de Baiona no século XV”,** a cargo da Doutora en Historia da Arte D<sup>o</sup>. Carmen Manso Porto. Biblioteca da Real Academia de Historia. Casa da Navegación de Baiona.

## ■ VENRES 01/03/24

**10:00 h Os canóns da Fortaleza anuncian o comezo da Festa da Arribada.** Asentamento de mercadores e artesáns chegados de tódolos recunchos do Reino.

**11:00 h Misa Solemne** cantada polo **Coro Parroquial de Baiona.** Ex-Colexiata de Santa María de Baiona.

**12:00 h Acto de entrega da distinción Honorífica** do nomeamento de **Cronista Oficial da Vila a D. Anxo Rodríguez Lemos.** Salón de Plenos do Concello.

**13:00 h Inauguración da Mostra etnográfica “O Gremio de atadores e cordoeiros”.** Colección Anxo Rodríguez Lemos. Hall do Concello.

**17:00 h “Música e danzas medievais”** a cargo dos grupos **Upsala** e **A.C.Giro’s Danza.** Parque da Palma.

**18:00 h Espectáculo de marionetas de fio “Oriente”.** Parque da Palma.

**19:00 h Pasarrúas** co espectáculo **“Circadas”** a cargo dos grupos **Circocido** e **Upsala,** que percorreren o mercado medieval coa súa música, malabares e acrobacias. Alameda Rúa Carabela Pinta.

**20:00 h Espectáculo máxico de lume e pirotecnia “Fire Performe”** de **Hípica Celta.** Malabarismos de lume, danzas e acrobacias. Praia Ribeira.

**21:00 h Pasarrúas** polo recinto da festa a cargo do grupo **Upsala.** Alameda Rúa Carabela Pinta.

**21:30 h Espectáculo de lume “Á brasa”** a cargo do grupo **Circocido.** Zona do Bo Xantar (Santa Liberata).

**22:00 h Pasarrúas** batucada **“Lenha Verde”** percorrerá o recinto do mercado cos seus timbais, dobradas, cortadores, repiques, caixas e fondos. Alameda Rúa Carabela Pinta.

**00:00 h Remate do Real Mercado Medieval.**

## ■ SÁBADO 02/03/24

**10:00 h Os canóns da Fortaleza anuncian o comezo da Festa da Arribada.** Asentamento de mercadores e artesáns chegados de tódolos recunchos do Reino.

**12:00h Gran Desfile Medieval** coa participación de tódolos grupos musicais que actuarán no Real mercado medieval da Arribada 2024. **Pregón de apertura** a cargo do grupo **Circocido.** Entrada á Fortaleza de Monterreal.


**12:10 h Demostración de Tiro con Arco,** a cargo do **Club Meigarco.** Praia Ribeira.

**12:30 h Espectáculo de marionetas de fio “Oriente”.** Xardíns da Casa da Navegación (r/ Conde).

**12:45 h Combate de Esgrima Medieval:** Representación teatral de duelos con espadas, a cargo da **Sala Viguesa de Esgrima Antiga.** Monumento Encontro entre dous Mundos.

**13:15 h Gran espectáculo de Cetrería Montada** a cargo de **Águilas de Valporquero,** onde falcóns e falcoeiros amosaranos a arte milenaria da cetrería. Praia Ribeira.

**16:45 h “Música e danzas medievais”** a cargo dos grupos **Upsala** e **A.C.Giro’s Danza.** Xardíns da Casa da Navegación (r/ Conde).

**17:00 h  Gran Torneo Medieval:** Xusta, Tiro de venablos e Derruba de estaferno a cargo de **Hípica Celta.** Praia Ribeira.

**17:15 h Espectáculo “Perruseta e Ojaldrina veñen de camiño”** a cargo do grupo **Circocido.** Praza do Concello.

**17:30 h Espectáculo de marionetas de fio “Oriente”.** Xardíns do Hospital Sancti Spiritus (Biblioteca).


**18:00 h “Música e evolución”.** Concerto didáctico de **Pablo Carpinteiro** e **Rosa Sánchez** sobre os nosos instrumentos musicais tradicionais. Xardíns da Casa da Navegación (r/ Conde).

**18:30 h Exhibición de Esgrima Antiga e Artes Marciais Históricas Europeas.** Explicación de armamento e clases. Xardíns do Hospital Sancti Spiritus (Biblioteca).

**18:40 h Pasarrúas “A lenda”** onde as **bruxas,** o **minotauro,** o **fauno** e a **ninfa** asombrarán aos viandantes. Alameda Rúa Carabela Pinta.

**19:00 h Concerto** de Música Antiga: **Cantigas do século XIII, XV e XVI** a cargo do **Trío Cámara** do Grupo de Cámara da Unión Musical de Valladares. Convento das Nais Dominicanas.

**19:30 h Espectáculo de lume “Na Escuridade”** a cargo dos grupos **Circocido** e **Upsala.** Xardíns da Casa da Navegación (r/ Conde).

**20:00 h  Representación teatral “Arribada do Descubrimento”.** Dramaturxia: Avelino Sierra. Dirección: Mónica Sueiro. Praia Ribeira.

**20:30 h Troula** percorrerá o recinto da festa cos seus zancudos, danzando ao ritmo dos seus tambores. Alameda Rúa Carabela Pinta.

**20:45h Pasarrúas de Upsala medieval** e os faunos do grupo **Malatitsch** polo recinto da festa. Zona Ribeira-Gastro (Paseo Ribeira).

**22:00 h A batucada “Bate no Cobre”** percorrerá o recinto do mercado cos seus zurdos, repeniques, agogós, timbas e caixas. Alameda Rúa Carabela Pinta.

**00:00 h Remate do Real Mercado Medieval.**

## ■ DOMINGO 03/03/24

**10:00 h Os canóns da Fortaleza anuncian o comezo do Real Mercado.** Asentamento de mercadores e artesáns chegados de tódolos recunchos do Reino.

**11:30 h Demostración de Tiro con arco,** a cargo do **Club Meigarco.** Praia Ribeira.

**12:00 h Batucada** a cargo de **“Lenha Verde”** e os **faunos** do grupo **Malatitsch** polo recinto da festa. **Pasarrúas “Dosequilibrados”** a cargo dos grupos **Circocido** e **Upsala.** Parque da Palma, zona Ribeira-Gastro (Paseo Ribeira).

**12:10 h Combate de Esgrima Medieval:** Representación teatral de duelos con espadas, a cargo da **Sala Viguesa de Esgrima Antiga.** Praia Ribeira.

**12:15 h Pasarrúas “A Lenda”** onde as **bruxas,** o **minotauro,** o **fauno** e a **ninfa** asombrarán aos viandantes. Alameda Rúa Carabela Pinta.

**12:20 h Demostración de Tiro con Arco,** a cargo do **Club Meigarco.** Parque da Palma.

**12:30 h Espectáculo de marionetas de fio “Oriente”.** Xardíns da Casa da Navegación (r/ Conde).

**12:45 h Troula** percorrerá o recinto da festa cos seus zancudos, danzando ao ritmo dos seus tambores. Alameda Rúa Carabela La Pinta.

**13:10 h Concerto “María Pérez Maenfestou. Cantigas de escarnio a María Balteira”** a cargo do grupo **Manseliña.** Convento das Nais Dominicanas.


**13:15 h Gran Espectáculo de Cetrería Montada** a cargo de **Águilas de Valporquero.** Praia Ribeira.

**13:20 h Espectáculo “Embufona-2”** a cargo de **Circocido.** Praza do Concello.

**13:30 h Pasarrúas “Músicas medievais”** a cargo do grupo **Upsala.** Alameda Rúa Carabela Pinta.

**16:00 h Pasarrúas “Músicas medievais”** a cargo do grupo **Upsala.** Parque da Palma e zona Ribeira-Gastro (Paseo Ribeira).

**16:20 h Pasarrúas “A min a garda”,** a cargo de **Circocido.** Alameda Rúa Carabela Pinta.


**16:30 h  Gran Torneo Medieval:** Xusta, Tiro de venablos e Derruba de estaferno a cargo de **Hípica Celta.** Praia Ribeira.

**17:30 h “Músicas medievais”** a cargo do grupo **Upsala.** Praza do Concello.

**17:45 h Espectáculo de marionetas de fio “Oriente”.** Xardíns da Casa da Navegación (r/ Conde).

**18:00 h Pasarrúas “A lenda”.** Alameda Rúa Carabela Pinta.

**18:15 h Pasarrúas “Un mundo de fantasía”** polo recinto da festa a cargo de **Circocido.** Alameda Rúa Carabela Pinta.

**18:30 h  Representación teatral “Arribada do Descubrimento”.** Dramaturxia: Avelino Sierra. Dirección: Mónica Sueiro. Praia Ribeira.

**18:40 h “Música e evolución”.** Concerto didáctico de **Pablo Carpinteiro** e **Rosa Sánchez** sobre os nosos instrumentos musicais tradicionais. Xardíns da Casa da Navegación (r/ Conde).

**19:00 h Pasarrúas** a cargo de **Troula** cos seus zancudos, danzando ao ritmo dos seus tambores. Alameda Rúa Carabela La Pinta.

**20:00 h Pasarrúas “Músicas medievais”** a cargo do grupo **Upsala.** Zona do Bo Xantar (Santa Liberata).

**21:00 h Pasarrúas** batucada **“Lenha Verde”** e os **faunos** do grupo **Malatitsch** polo recinto da festa como peche á Festa da Arribada. Alameda Rúa Carabela Pinta.

**22:00 h Remate do Real Mercado e da Festa da Arribada.**

